

INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DA NORMA.

1. CASTELANISMOS

A presión do castelán sobre o galego afecta non só aos usos da nosa lingua, senón tamén ao seu léxico, á súa propia estrutura gramatical e fonolóxica e á corrección ortográfica.

- *Castelanismos léxicos*. Poden substituír completamente á palabra patrimonial (*acera, *carretera, *tene- dor, *pasillo, *alonxar...); restrinxir os usos da palabra galega a realidades tradicionais (*escoba / vasoira, *grifo/ billa...). Existen interferencias do castelán adaptadas foneticamente, pero non deixan de ser castelanismos (*lexos, *parexa, *partixas...) serían os castelanismos disfrazados.
- *Castelanismos morfosintácticos*. Poden afectar a diferentes aspectos gramaticais como xénero das palabras, a colocación do pronome átono, a estrutura verbal, o uso incorrecto dos pronomes reflexivos etc. (*os porcentaxes, *cho xuro, *o sei, *andiven, *conduzco, se me *fixeras caso, *lavouse as mans, *casouse).
- *Castelanismos fonolóxicos*. O emprego do sistema vocálico en posición átona está moi interferido. Está moi estendida a non distinción sistemática dos fonemas de grao medio.
- *Castelanismos ortográficos*: *boda, *Elena, *fácilmente, *móvil.

2. HIPERGALEGUISMOS OU HIPERENXEBRISMOS

Son formas creadas artificialmente e usadas indebidamente no rexistro culto da lingua desde comezos do século XX .O fenómeno consiste en modificar determinados cultismos en virtude de certas analoxías que operan na distinción galego/español en palabras patrimoniais.

Exemplos: *ordear, *laboura, *ambiente, *persoaxe, *pisciña, *zoa, *urbán, *primaveira...

3. ARCAÍSMOS

Aparecen como consecuencia da difusión a finais do século XIX e principios do XX dos textos do galego-por- tugués medieval. Foron incorporados por vía culta á lingua galega escrita moderna. Son exemplos de arcaísmo *nascen*, *merescen*, *parecen*, *ausenza*, *door*, *vegada*, *capíduo*, *tíduo*, *cor* ('corazón'), *ren* ('nada'), *conquerir*...

4. VULGARISMOS

Son deformacións fonética de determinadas palabras que se producen no rexistro coloquial e informal da lingua. Os principais fenómenos de vulgarismo son:

- **Cambio do timbre dunha vogal por disimilación** (**delor, *tarreo, *marmurar, *somellar, *teléfano, *romedio, *mamoria, *númaro...*) ou por **asimilación** (**bunito, *fuciño, *pidir, *dazaseis, *miniño, *vistido, *Curuña...*).
- **Engadido de fonemas** no principio, no interior ou no final de palabra. Pode ser de tres tipos:
Prótese (inicio) **arrodear, *adivertirse, *apresentar, *arrenegar*
Epéntese(medio) **aldeia, *soio*
Paragoxe(final) **comere, *mullere, *máise, *corazonhe..*
- **Eliminación de fonemas:**
*Aférese (inicio) *certar,*
*Sincope (medio) *espranza, *esprito, *guapismo, *difrente,*
*Apócope (final) *virtú, *libertá, *maldá, *tranquilidá...*
- **Metátese** consonántica (cambio de posición): **probe, *bulra, *cocreta, *nónima...*
- **Vocalización de grupos cultos:** **aspeuto, *prospeuto, *ausurdo, *ouservar...*